

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación didáctica está deseñada para un grupo de segundo curso de educación primaria, dentro da área de Ciencias da Natureza. A importancia da área da Ciencias da Natureza radica en que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

A programación realízase co fin de servir de guía para o traballo docente diario, reflectindo o que queremos traballar, como o imos facer, os recursos que imos empregar, como nos imos coordinar, como somos quen de comunicar, como avaliamos nun espazo concreto e cun alumnado específico, sendo obxecto de avaliación para unhas posibles melloras de actuación. Vai dirixida a un grupo de nenos e nenas de 2º de Educación Primaria que está formado por dous grupos cun total de 30 alumnos/as, entre os que hai catro alumnos/as que non promocionaron segundo. Son dous grupos compostos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo que serán relatadas con detalle no apartado 6 deste documento.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como pode ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, a costa ... o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos e zonas verdes de enorme interese no desenvolvemento desta materia como poden ser as Fragas do Eume ou diferentes paisaxes de costa.

Estes recursos permitirán traballar de forma interdisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia e contribúen a que adquiran un dominio das competencias e dos obxectivos establecidos para as distintas áreas, a través de actividades motivadoras, que encerren un reto, e que sexan á vez efectivas para a aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Medramos e cambiamos	O eixe vertebral da unidade xira en torno as funcións vitais do ser humano e os órganos implicados, xunto cos hábitos saudables do benestar emocional e social. Método científico. Tecnoloxía.	15	14	X		
2	A saúde é importante	Hábitos saudables. Método científico. Tecnoloxía.	15	14	X		
3	Aprendemos sobre os animais	Os animais. Método científico. Tecnoloxía.	35	21		X	
4	Identificamos plantas	As plantas. Materia, forzas e enerxía. Método científico. Tecnoloxía.	35	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Medramos e cambiamos	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada a través da observación.	TI	80
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir e recoñecer as emocións propias e as dos demais.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomando conciencia da importancia do planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito guiado.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo que dea solución a un problema.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	A saúde é importante	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo humano.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada a través da observación.	TI	80
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir e recoñecer as emocións propias e as dos demais.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomando conciencia da importancia do planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito guiado.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo que dea solución a un problema.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida. - Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendemos sobre os animais	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación variada, hixiene e exercicio físico.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada a través da observación.	TI	80
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir e recoñecer as emocións propias e as dos demais.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomando conciencia da importancia do planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito guiado.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo que dea solución a un problema.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Identificamos plantas	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e as propiedades dos elementos do medio natural.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada a través da observación.	TI	80
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados utilizando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir e recoñecer as emocións propias e as dos demais.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomando conciencia da importancia do planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito guiado.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo que dea solución a un problema.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
- As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva. Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo: - A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. - Tarefas nas que o

alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

- Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación organízase a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo está orgarnizado do seguinte xeito: os luns na área de lingua galega, martes en matemáticas, mércores en lingua castelá, xoves ciencias sociais e venres en ciencias naturais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos espaciais

Recursos persoais: Integrados polos profesionais do centro educativo: titora, especialistas das distintas materias, especialistas de PT, AL, departamento de orientación e profesorado con dispoñibilidade horaria. Destacar tamén os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, EOE e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

Recursos materiais: material funxible (cadernos, lapis, ceras, rotuladores, folios, cartolinas...), libros de lecturas comprensivas (editorial Geu), láminas de apoio visual e libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos: ordenadores, pizarra interactiva, tablets, aula virtual, videos educativos...

Recursos espaciais: aula ordinaria, biblioteca do centro, aula de polos creativos, radio escolar, aula de música, patio.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade. Dita avaliación facilita a valoración dos coñecementos previos, das capacidades e das actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade individual e a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

1. Recollida de información do curso anterior: resultados académicos e, de ser o caso, informes de PT/AL, plans de reforzo, ACI.
2. Probas escritas, manipulativas e orais.

3. Observación da convivencia: conductas contrarias á convivencia e a súa causa, situación emocional
4. Entrevista inicial coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	35	35	100
Proba escrita	20	20	20	20	20
Táboa de indicadores	80	80	80	80	80

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as probas obxectivas, as cales terán a porcentaxe do 20% en cada unidade didáctica.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros.

Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Deste xeito, para a área que nos ocupa, organizáronse os criterios de avaliación en tres bloques con diferentes pesos que, ao sumarse, dan o 100% da nota do trimestre:

40% criterios relacionados con aspectos actitudinais do proceso de aprendizaxe.

40% criterios relacionados cos contidos de cada unidade didáctica que se traballarán na aula diariamente.

20% criterios avaliados nas probas escritas.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.35 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso. Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Reforzo educativo por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica (programa Acompaña) e da de Audición e Linguaxe.
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ e Contratos Programa.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, unicamente se contempla o reforzo educativo por parte da especialista de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción titorial e a educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

Observacións:

As unidades que conforman esta programación están deseñadas co fin de contribuir ao desenvolvemento do conxunto de elementos transversais establecidos na lexislación vixente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos, as súas diferenzas, necesidades etc. Exemplos destas saídas serán a visita ao Muiño de Pedroso para realizar diferentes obradoiros e unha ruta para buscar ou a limpeza dunha praia próxima.	X		X
Charlas formativas	Para as que contaremos coa colaboración das familias, que terán un papel protagonista no desenvolvemento das diferentes unidades e de outros expertos como veterinarios, médicos e outros profesionais de diferentes ámbitos.	X	X	X
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar. Para a materia que nos ocupa algúns exemplos poden ser: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Océanos etc.	X	X	X
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións ou diferentes postos de traballo.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
Traballo todos os elementos curriculares.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A tarefa axústase ao tempo programado.
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Emprego materiais diversos e motivadores.
Utilizo actividades e exercicios variados.
Medidas de atención á diversidade
Atendo á diversidade na aula.
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa.

Descrición:

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través de diferentes ferramentas: PROENS, diario de aula etc. Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes: 1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.

2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.

3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste

xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

1. Hábito e dominio da lectura

Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación organízase a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo está organizado do seguinte xeito: os luns na área de lingua galega, martes en matemáticas, mércores en lingua castelá, xoves ciencias sociais e venres en ciencias naturais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación didáctica está deseñada para un grupo de segundo curso de educación primaria, dentro da área de Ciencias Sociais.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

O alumnado para o cal se elabora esta programación, está no segundo de primaria polo que conta cunha idade de entre 6 e 7 anos. É un grupo composto no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo que serán relatadas con detalle no apartado 6 desde documento.

O horario das actividades é continuo distribuíndose, de 9:00h a 14:00h para os alumnos/as de E.P. e E.I (Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única).

Esta programación realízase co fin de servir de guía para o traballo docente diario, reflectindo o que queremos traballar, como o imos facer, os recursos que imos empregar, como nos imos coordinar, como somos quen de comunicar, como avaliamos nun espazo concreto e cun alumnado específico, sendo obxecto de avaliación para unhas posibles melloras de actuación. Vai dirixida a un grupo de nenos e nenas de 2º de Educación Primaria que está formado por dous grupos cun total de 29 alumnos/as, entre os que hai dous alumnos/as que non promocionaron segundo.

Estes recursos permitirán traballar de forma interdisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia e contribuen a que adquiran un dominio das competencias e dos obxectivos establecidos para as distintas áreas, a través de actividades motivadoras, que encerren un reto, e que sexan á vez efectivas para a aprendizaxe.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas...

Trátase dun centro situado nun concello próximo á costa o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos e zonas verdes de enorme interese no desenvolvemento desta materia como poden ser as Fragas do Eume ou diferentes paisaxes de costa.

É un centro de liña un salvo nos cursos de 2º, 3º e 4º de primaria nos que hai dos grupos. É un centro composto por tres pisos nos que, ademais das aulas de infantil e primaria, contamos con ximnasio, aula de informática, dous patios de recreo comunicados, aula de música, aulas de PT e AL, despacho de orientación, biblioteca e salón de actos.

Tamén se oferta servizo de comedor, regulado polo Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería. Os recursos materiais son axeitados, aínda que mellorables. Así, dispoñemos de medios informáticos e conexión a Internet en todas as aulas.

No tocante aos recursos persoais dos que dispoñemos, hai que destacar que somos un total de 19 mestres do corpo de Infantil, Primaria e Secundaria: titores/as, especialistas das distintas áreas, unha mestras de PT, unha mestra de A. L., dúas mestres/as de relixión Católica compartidas con outros centros e Departamento de Orientación, tamén compartido (Orde do 8 de setembro de 2021). Como persoal non docente contamos cunha auxiliar técnica educativos (coidadora), conserxe, persoal de cociña e persoal de limpeza. Ademais, existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo e o desenvolvemento sostible.	Nesta primeira unidade traballaremos aspectos como o aire, a auga, os fenómenos atmosféricos ou a contaminación e o desenvolvemento sostible.	25	20	X		
2	A Terra no Universo: movementos e estacións.	Nesta segunda unidade traballaremos o Universo. Concretamete, centraremos a nosa atención na Terra, na súas representacións, nos seus movementos e en como estes afectan aos días e noites e as catro estacións.	25	19	X		
3	A máquina do tempo.	Turno para traballar o uso dos conceptos temporais, personaxes e feitos históricos, a historia familiar ou a elaboración de liñas do tempo.	25	32		X	
4	O Concello de Narón	Nesta última unidade analizaremos e profundizaremos en aspectos como o concello e a súa organización, o noso municipio, os servicos que ofrece etc.	25	34			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo e o desenvolvemento sostible.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Mostrar interese por desenvolver hábitos de vida sustentable e identificación de accións responsables para evitar ou combater a contaminación do aire e da auga.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.

UD	Título da UD	Duración
2	A Terra no Universo: movementos e estacións.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados como parte da celebración do mes da Ciencia.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características básicas do planeta terra, identificar o seu movemento e a relación dos mesmos coas catro estacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
3	A máquina do tempo.	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente unha secuencia de feitos dada.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñecer persoas e grupos sociais relevantes traballados durante a unidade.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	50
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
4	O Concello de Narón	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Recoñecemento das institucións municipais traballadas na unidade.	PE	25
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Búsqueda de información, de xeito guiado, nos medios dados.	TI	75
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar as normas básicas para espazos públicas e para unha mobilidade segura.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia.
- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais?
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. A mellor forma de acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como

da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. No caso concreto desta aula gustaríame destacar as intervencións da mestra especialista en pedagogía terapéutica, tanto dentro com fóra da aula, así como da mestra titora de sexto curso que realiza apoios dentro da nosa aula.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así

como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	0	0	50	25	19
Táboa de indicadores	100	100	50	75	81

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Deste xeito, para área que nos ocupa, organizáronse os criterios de avaliación recollidos do decreto de currículo en tres bloque con diferentes pesos que, ao sumarse, dan o 100% da nota do trimestre:

- 40% criterios relacionados con aspectos actitudinais (CA.2.3, CA.4.4 etc).
- 40% criterios relacionados cos contidos que se traballarán na aula diariamente.
- 20% criterios avaliados mediante probas escritas.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula: media aritmética das nota dos criterios de avaliación relacionados con contidos actitudinais X 0,4) + (media aritmética das calificacións dos criterios de avaliación relacionados co traballo diario X 0,4) + (media aritmética dos criterios avaliados mediante unha proba escrita X 0,2)

Así, para o cálculo da nota final da materia realizarse unha media aritmética entre as notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade usaranse as porcentaxes antes mencionadas. Para obter estes resultados servíronos fundamentalmente de tres instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbrica e escala de valoración sempre, ás veces, nunca.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Tal e como indica a lexislación vixente ao respecto o alumnado que permaneza un ano máis en 2º de Educación Primaria, seguirá un plan específico de reforzo.

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria (mestra de sexto).
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, unicamente se contempla o reforzo educativo por parte da especialista de pedagogía terapéutica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción tutorial e a educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia	X	X	X	X
ET.5 - vitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna.	Nas que coñeceremos mellor o medio social e cultural que nos rodea e algunhas institucións de relevancia no mesmo	X	X	X
Charlas formativas	Para as que contaremos coa colaboración das familias, que terán un papel protagonista no desenvolvemento das diferentes unidades e de outros expertos como veterinarios, médicos e outros profesionais de diferentes ámbitos.		X	X
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións ou diferentes postos de traballo.			X
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar. Para a materia que nos ocupa algúns exemplos poden ser: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Océanos etc.	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
A tarefa axústase ao tempo programado.

Metodoloxía empregada
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Traballo todos os elementos curriculares.
Utilizo actividades e exercicios variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego materiais diversos e motivadores.
Medidas de atención á diversidade
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa

Descrición:

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. **Avaliación do alumnado:** comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.
2. **Avaliación da práctica docente:** cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.
3. **Avaliación por parte do alumnado:** ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	40
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	49
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	49
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	51

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 2º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos)._____

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN. _____

- Centro: CEIP Plurilingüe Virxe do Mar
- Unidades: 12 (3 en EI e 9 en EP)
- Curso: 2º A/2ºB
- Nº alumnos/as: 30 (14 nenas e 16 nenos)
- Contorna: urbana
- Instalacións: ximnasio, patio exterior cuberto e patio exterior descuberto.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Arrincamos!	Unidade didáctica na que se recordarán normas básicas da área e faranse xogos de presentación.	12	10	X		
2	Coidémonos! É importante.	Con esta unidade didáctica intentaremos seguir creando no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.	11	9	X		
3	Descubrinto como son, no espazo e no tempo	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar problemas no ámbito motor (torpeza, descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo-temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo. Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible.	11	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Descubriendo como son, no espazo e no tempo	A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automaticice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.	11	9	X		
4	Bailando	A creatividade e recursos expresivos do alumnado son os aspectos máis destacables a ter en conta no desenvolvemento desta unidade didáctica. Partindo da creatividade e motivación dos nenos e nenas desenvolverase a expresión corporal a través do mimo, da representación e do movemento corporal (aerobic e danzas).	11	8		X	
5	Os equilibristas do cole.	O equilibrio está presente en practicamente calquera tarefa dentro da Educación Física. Un bo desenvolvemento desta capacidade física traerá consigo unha maior eficiencia nas execucións (consecución dun obxectivo co mínimo gasto enerxético). Nesta unidade didáctica traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos, realizando tarefas de equilibrios sobre diversos puntos de apoio, mantemento en equilibrio de diferente material coas partes corporais, desprazamentos por superficies de apoio inestables ou reducidas...	11	6		X	
6	Somos súper habilidosas	Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc. Seguindo co traballo das habilidades motrices básicas, esta UD tamén traballará os saltos e xiros. Ambas habilidades permitirá ao alumnado adquirir unha bagaxe motriz fundamental para desenvolverse en diferentes situacións.a.,	11	6		X	
7	Xogos e materias alternativos.-	.O traballo das HMB e o xogo é algo que non se pode tratar de xeito illado e independente dentro do contexto educativo da Educación Física. Ambos forman parte dun proceso global de ensino /3 aprendizaxe. Con esta UD pretendemos seguir	11	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Xogos e materias alternativos.-	traballando as HMB a través de xogos con obxectos, perseguindo dar unha gran variabilidade na experimentación con material de refugallo ou reciclable (latas, xornais, rodas, caixas de cartón, botellas...), novidoso e motivante para o alumnado. Tamén traballaremos lanzamentos e recepcións, moi importantes para unha posterior iniciación deportiva en calquera dos deportes coñecidos, que permiten que os alumnos/as poidan realizar adecuadamente abundantes cantidades de xogos, que requiren un certo nivel en canto a habilidades motrices deste tipo (xogo dos dez pases, o balón prisioneiro, etc). coa intención de facilitar unhas aprendizaxes relevantes para unha variada gama de contenidos de Educación Física.	11	8			X
8	Xogos e danzas populares	Unidade didáctica que ten como finalidade que os alumnos/as coñezan e practiquen danzas e xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia, e doutros lugares do mundo, de forma que as coñezan e contribúan ao seu mantemento.	11	7			X
9	Xogamos na natureza	As actividades físicas no medio natural e urbano posúen un gran potencial educativo, e isto é debido tanto á variedade de habilidades desenvoltas nas actividades propostas como ao medio onde se realizan. A importancia da educación ambiental, a conservación, coñecemento e goce da natureza e práctica de actividades educativas, de ocio ou física no medio natural son, sen dúbida, piares importantes con referencia á formación dunha nova conciencia cidadá con respecto ao medio. "Pouco se pode respectar se non se coñece e non se goza".	11	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Arrincamos!	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de ter unhas metas claras á hora de desenvolver proxectos motores individuais, cooperativos ou colaborativos, valorando a súa consecución tras a análise dos resultados.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	TI	100
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecer a utilidade dos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de ter unhas metas claras á hora de desenvolver proxectos motores individuais, cooperativos ou colaborativos, valorando a súa consecución tras a análise dos resultados.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respetando a todos os participantes.		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo e actuar dende os parámetros da deportividade.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Creación de obras coidadas e axeitadas que cumpran coas premisas dadas pola mestra.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Completar as tarefas no tempo previsto.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar ao grupo os pasos seguidos na creación da súa produción.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosa respecto polas creacións propias e as dos seus compañeiros e cumpre coas normas da clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. A mellor forma de acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno/a.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores.

A totalidade desta programación evaluarase mediante táboas de indicadores, que serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. A porcentaxe repartíase do seguinte xeito:

Análise das producións do alumnado (fichas e workbook): táboa de indicadores 40%

Análise do traballo na clase (Produción e comprensión oral): táboa de indicadores 40%

Escoita, participación e actitude na aula: observación e folia de rexistro 20 %

Deste xeito, os criterios de avaliación da primeira unidade conformarán a nota do primeiro trimestre, os da segunda unidade didáctica integrada a calificación do segundo trimestre e, finalmente, os criterios de avaliación avaliados na terceira unidade didáctica integrada corresponderanse coa nota do terceiro trimestre.

No que respecta á nota final do curso obterase de realizar unha media aritmética entre as notas dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Tal e como indica a lexislación vixente ao respecto o alumnado que permaneza un ano máis en 2º de Educación Primaria, seguirá un plan específico de reforzo.

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración da aula con diferentes temáticas	Decoración cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Saídas culturais	A algunhas exposicións que poidan resultar relevantes a nivel curricular.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
A tarefa axústase ao tempo programado.
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
Metodoloxía empregada
Traballo todos os elementos curriculares.
Utilizo actividades e exercicios variados.
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego materiais diversos e motivadores.
Medidas de atención á diversidade
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o

faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.

2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.

3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

Esta programación didáctica está deseñada para un grupo de segundo curso de educación primaria, dentro da área de Lingua Castelá. A importancia da área da Lingua Castelá radica en utilizar a lingua como un instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos, presente nos procesos de ensino-aprendizaxe.

A programación realízase co fin de servir de guía para o traballo docente diario, reflectindo o que queremos traballar, como o imos facer, os recursos que imos empregar, como nos imos coordinar, como somos quen de comunicar, como avaliamos nun espazo concreto e cun alumnado específico, sendo obxecto de avaliación para unhas posibles melloras de actuación. Vai dirixida a un grupo de nenos e nenas de 2º de Educación Primaria que está formado por dous grupos cun total de 30 alumnos/as, entre os que hai catro alumnos/as que non promocionaron segundo. Son dous grupos compostos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo que serán relatadas con detalle no apartado 6 deste documento.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como pode ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, a costa ... o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos e zonas verdes de enorme interese no desenvolvemento desta materia como poden ser as Fragas do Eume ou diferentes paisaxes de costa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¡Ya somos de segundo!	En esta primera unidad se llevará a cabo una toma de contacto con los contenidos del nuevo curso y comenzaremos un repaso generalizado de todo lo visto en el curso anterior para determinar, con claridad, el punto de partida del conocimiento de nuestro alumnado.	10	16	X		
2	Detectives de palabras	Esta segunda unidad trabajaremos algunos aspectos gramaticales y ortográficos básicos y sencillos.	12	16	X		
3	Feliz Navidad.	En esta tercera unidad, la última del primer trimestre trabajaremos contenidos de la expresión escrita. Tanto la lectura de diferentes tipos de textos, estrategias para la comprensión lectora así como la iniciación, partiendo de diferentes estrategias, del alumnado en la creación de pequeñas composiciones escritas.	12	16	X		
4	Nuevo año, nuevos retos.	Continuaremos trabajando aspectos de la comunicación oral a la vez que introducimos nuevos conceptos en el vocabulario del alumnado.	12	18		X	
5	¿Cómo son?	Esta unidad se centrará en potenciar aspectos de la comunicación oral así como de la expresión escrita.	13	18		X	
6	¡Que empiece la fiesta!	Retomaremos los aspectos gramaticales y ortográficos dispuestos para este segundo trimestre.	13	18		X	
7	La emoción del aprendizaje.	Esta unidad se centrará en la comunicación escrita (lectura y escritura) así como en el trabajo de aspectos gramaticales.	14	18			X
8	Esto se acaba.	En esta última unidad trabajaremos aspectos relativos a la comunicación oral, la ortografía y el vocabulario.	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¡Ya somos de segundo!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido básico de textos de diferente carácter e responder a preguntas breves sobre os mesmos.	PE	40
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Ler, en voz alta e silenciosa, os textos propostos recoñecendo o seu significado global, empregando estratexias básicas de comprensión lectora.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos sinxelos, a partir dos modelos traballados na unidade, empregando diferentes soportes.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñecer o vocabulario traballado na unidade.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	60
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a maiores do cole: persoal sanitario, veciños, familiares etc.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria nas súas interaccións do día a día.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Recoñecer o significado das palabras traballadas na unidade.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Coñecer diferentes tipos de textos para ir identificado os seus gustos e construíndo a súa propia identidade lectora.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ir mellorando progresivamente a entonación, velocidade e prosodia á hora de ler textos de diferentes características.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Desfrutar dos diferentes textos lidos na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Escoitar atentamente os textos lidos, identificando o seu contido básico.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir, de xeito guiado, diferentes textos escritos en base as premisas dadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico). - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas. - Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.

UD	Título da UD	Duración
2	Detectives de palabras	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con as ideas principais dun texto proposto e respostar preguntas sinxelas sobre o mesmo.	PE	40
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Mobilizar estratexias básicas de comprensión lectora.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Identificar o contido das partes elementais dun texto.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir, en base aos modelos traballados con anterioridade, textos escritos coherentes en diferentes soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	60
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Identificación e valoración das dúas linguas oficiais.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria nas súas interaccións do día a día.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar as ideas principais e os protagonistas dos textos propostos.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Escoitar de forma activa e atenta as explicacións e as intervencións dos seus compañeiros, respectando o turno de palabra.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ir mellorando progresivamente o seu nivel de lectoescritura.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Lectura en voz alta de textos en diferentes formatos. coidando a entoación e prosodia		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir textos literais sinxelos.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Ler con fluidez diferentes tipos de obras adecuadas ao se nivel.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	Feliz Navidad.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar o contido global dun texto.	PE	35
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Identificar, de maneira acompañada, o sentido global dun texto, sendo quen de respostar a preguntas sinxelas sobre o mesmo.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos sinxelos cumprindo as permisas dadas.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	65
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Ler en silencio e en voz alta textos identificado o sentido global.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Usar de forma segura, seguindo as pautas descritas pola mestra, as TIC.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñecemento dos sustantivos e indentificación do seu xénero e número.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.
- A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.

Contidos

- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
4	Nuevo año, nuevos retos.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos escritos multimodais que cumbran co modelo e as características facilitados pola mestra.	PE	25
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir tetos escritos e coherentes de diferente tipoloxía.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	75
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras e frases moi breves a partir de modelos simples, usando léxico moi elemental sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse e contestar preguntas básicas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar, de forma guiada, información básica con empatía e interese polas e polos interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar, de forma guiada, as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar, de maneira guiada, progresos no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando, de forma guiada, as discriminacións e os prexuízos en situacións cotiás e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.

Contidos

- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
10	I'm on holiday!	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras e frases moi breves a partir de modelos simples, usando léxico moi elemental sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse e contestar preguntas básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar, de forma guiada, información básica con empatía e interese polas e polos interlocutores.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar, de maneira guiada, progresos no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando, de forma guiada, as discriminacións e os prexuizos en situacións cotiás e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións ortográficas elementais. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- **METODOLOXÍA**

A metodoloxía é activa e participativa, baseada nas teorías comunicativas de ensino de idiomas, e polo tanto, na teoría do Construtivismo. De acordo con esta teoría, a aprendizaxe é interactiva e o alumnado participa de maneira activa aplicando os seus coñecementos previos e experiencia propia. Por outra banda, ofrece unha ligazón entre o mundo do alumnado e a lingua inglesa, promovendo a aprendizaxe significativa.

O desenvolvemento da competencia comunicativa require desenrolar as seguintes subcompetencias: a competencia gramatical (a capacidade de usar as regras da lingua), a competencia sociolingüística (a capacidade de adaptar a linguaxe a unha situación determinada), a competencia estratéxica (a capacidade de corrixir, definir ou facer axustes), a competencia discursiva (a capacidade de usar diferentes tipos de discurso), e a competencia sociocultural (a familiaridade co contexto social da lingua).

O rol do mestre/a é en esencia o de facilitar as tarefas de comunicación proporcionando oportunidades para que o alumnado use e practique a lingua inglesa, e promover a auto-avaliación. Ademais, o mestre/a procurará crear un clima de aula relaxado e axeitado para favorecer a aprendizaxe, rebaixando así o filtro afectivo e promovendo a motivación intrínseca, fortalecendo a autoestima e reducindo a ansiedade.

- **ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE**

As diferentes actividades levadas a cabo promoven a práctica das catro destrezas lingüísticas (falar, escoitar, ler e escribir) de maneira integrada, esencial para acadar a competencia comunicativa, involucrando todos os sentidos posibles e facendo uso de materiais auténticos e tecnolóxicos cando sexa apropiado.

Tamén se levarán a cabo actividades e proxectos que impliquen distintos ámbitos, tales como o centro educativo ou o contexto familiar, por exemplo.

Contémpanse actividades de inicio, desenrolo e de reforzo e ampliación, as cales se levan a cabo de xeito individual, en parellas, en gran grupo ou en grupos pequenos, de maneira flexible:

- **Actividades de inicio:**

Axudan a activar os coñecementos previos do alumnado nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, pósters, cancións, etc.

- **Actividades de desenvolvemento:**

Inclúen diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- Cancións (songs) e xogos (games).
- Actividades de lecto-escritura.
- Historias.
- Cut-outs.
- Actividades de pronunciación.
- Actividades intercurriculares.
- Etc.

- **Actividades de reforzo e ampliación:**

No grupo clase hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, capacidade e intereses. Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

- **Actividades complementarias:**

Entre este tipo de actividades inclúese a conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona, celebracións, festivais, etc.

- **Competencias clave**

Por último, tamén se levan a cabo actividades que contribúen máis especificamente ó desenrolo dunha ou varias competencias clave, entre as que se inclúen:

- Brainstorming
- Role-plays
- Actividades de investigación e busca de información (entrevistas, enquisas, etc.).
- Actividades en grupo.
- Textos culturais, cancións, rimas, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións.
- Total physical response (TPR).
- Diálogos e simulacións.
- Dramatizacións.
- Resolución de problemas.
- Actividades de information-gap.

- Presentacións.
- Murais.
- etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online. British council: https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games - ESL Games: https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/
2-Historias e contos publicados na rede. "The gruffallo", Julia Donaldson; "Room on the broom", Julia Donaldson,...
3-Xogos de mesa. Snakes and ladders, Memory cards, Bingo, Word domino, etc.
4-Xogos físicos. Simon says, I spy, actividades TPR.
5-Libros de lectura "The very hungry caterpillar" Eric Carle; The gruffallo son, Julia Donaldson; "The rainbow fish" Marcus Pfister; "Go away big green monster" Ed Emberley, "Ten timid ghosts", Jennifer O'Connell,...
6-Rimas e cancións.
7-Ferramentas de elaboración de materiais. Canva, Genially,...
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Posters e murais.
10-Uso dos medios audiovisuais que conte a escola.
11-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
12-Videos.
13-Actividades DUA.

Empréganse unha variedade de materiais e recursos entre os cales se inclúen o Activity book, fichas sacadas de diversos materiais didácticos e fichas elaboradas polo mestre/a, contos e lecturas (soporte físico e dixital), flashcards, encerado/pantalla dixital con acceso a internet, ordenador, vídeos de diferentes plataformas educativas, webs con xogos/fichas interactivos (British Council), materiais auténticos e materiais dixitais, dicionarios, pósters, xogos de mesa, etc.

O libro de texto utilizado é ALL ABOUT US NOW 2 de Oxford University Press. O alumnado dispón do Activity Book, con sete páxinas de actividades para cada unidade principal nas que se inclúen actividades por parellas, actividades características dun club de lectura, actividades de seguimento sobre as leccións intercurriculares, de fonética ou culturais; repaso da unidade e auto-avaliación. Dispón tamén do Progress Booklet para cada rapaz/a.

O mestre/a dispón da Guía didáctica (Teacher's Book), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades extra, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, wordcards, referencias ás worksheets, notas para as lessons e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades, así como do Class Book e Activity Book en formato físico e dixital.

A plataforma dixital de Oxford Premium proporciona ao mestre/a todos os audios incluídos no libro (as cancións, historias e audicións) e ademais ofrece material para a avaliación, os tests das unidades e Worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, competencias básicas, material intercurricular, festividades, etc. O profesor conta ademais con flashcards e wordcards para cada unidade, posters de repaso e de presentación dos temas a historias intercurriculares. Ademais, inclúe unha selección das actividades para traballar o desenvolvemento das competencias básicas a través dunha tarefa final significativa e divertida. As actividades promoven a planificación, a colaboración, o pensamento e a resolución de problemas, a autoavaliación e a reflexión. Inclúe material fotocopiabile, notas do profesor e directrices para avaliar as competencias básicas empregadas.

A pizarra interactiva é un recurso moi empregado nas sesións de lingua inglesa, xa que nos ofrece a posibilidade de

acceder a innumerables recursos na rede (vídeos, cancións, xogos, contos,...). Finalmente, o propio alumnado considérase un recurso moi valioso para aprendizaxe e para desenvolver relacións positivas na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso fíxose unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronuncianción, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) que nos permitiu valorar o punto de partida de cada alumno para este curso escolar.

Esta avaliación fíxose mediante a observación directa na aula, con actividades de grupo e gran grupo, tales como cancións, xogos e presentación de cada alumno e alumna de forma individual.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

- Criterios de cualificación:

A avaliación será tanto cuantitativa coma cualitativa e efectuarase nos seguintes termos: Insuficiente (IN): 1, 2, 3 ou 4; Suficiente (SU): 5; Ben (BE): 6; Notable (NT): 7 ou 8; Sobresaliente (SB): 9 ou 10, con indicación entre paréntese da medida que se está a aplicar, se é o caso, como pode ser una ACS.

- Instrumentos de avaliación:

En cada avaliación teranse en conta aspectos actitudinais, o traballo diario na clase (libro de actividades, cadernos, fichas, traballos, exposicións...) e a adquisición de contidos, tanto orais como escritos, que serán valorados a través de indicadores de logro ou rúbricas. Cabe destacar que na avaliación terán máis peso as destrezas orais que as escritas. O cálculo final da cualificación será o resultado da seguinte porcentaxe:

ASPECTO AVALIABLE	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
• Aspectos actitudinais (escoita, participación, actitude, orde e limpeza)	20%
• Traballo de clase (Workbook, producións e comprensións orais)	80%
TOTAL	100%

- Avaliación das competencias clave:

Para a avaliación das competencias clave, terase en conta o grao de consecución dos criterios de avaliación, que serán avaliados a través de rúbricas e/ou indicadores de logro.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá e exporá neste apartado o procedemento a seguir para que o alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal e como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante toda a etapa á atención individual dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos, tanto organizativos como curriculares, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades na aula. Unha mesma acción educativa exercida sobre un grupo de alumnos/as ten uns resultados diferentes según o coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por esta razón, debemos atender á diversidade da aula ofrecendo actividades e recursos de ampliación, reforzo e extensión ou modificando a metodoloxía e presentación dos distintos contidos. Esta programación ten en conta os diversos ritmos e xeitos de aprendizaxe do alumnado e, por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características específicas e aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada un dos alumnos e alumnas, como por exemplo:

Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos/as que acaban as tarefas máis rápido (wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento).
- Pediráse ao alumnado que termine máis cedo que axuden a outros compañeiros/os coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra-imaxe, imaxe-imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán, na medida do posible, do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Participaran en actividades de grupo no que terán o seu propio rol adaptado as súas capacidades e circunstancias.

Nenos e nenas con trastornos de conducta:

- Seguiranse os protocolos específicos tratando de buscar o mellor clima de aula posible a traves de técnicas coma o reforzo positivo, por exemplo.

Asimesmo, os criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares para os alumnos con necesidades educativas especiais contemplan:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Aumentar a atención orientadora.
- Enriquecemento curricular.
- Avaliacións adaptadas para as necesidades destes alumnos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse, dende a área de LE, as saídas ofertadas polo Concello para actividades de aprendizaxe en lingua inglesa.	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, 25-N, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Carnival, Easter....	X	X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.

Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a traves de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL..

Descrición:

A programación será revisada e mellorada ao longo do curso (en cada unidade didáctica, por trimestres e ao final do curso escolar) segundo as necesidades e evolución da vida na aula, adaptando a mesma as diferentes necesidades individuais ou colectivas, e reflectindo ditos cambios na programación didáctica do nivel. Do mesmo xeito, as programacións de aula, ao estar fundamentadas no exposto na presente programación de nivel, reflectirán os mesmos cambios e melloras.

A nivel de centro temos un documento de auto-avaliación docente que cubrimos ao remate do curso escolar e que contén moita información para sucesivas programacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2024/2025 para a área de lingua galega e literatura. Esta programación está baseada no Decreto 155/2022 e adaptada ao CEIP Virxe do Mar. Esta programación realízase co fin de servir de guía para o traballo docente diario, reflectindo o que queremos traballar, como o imos facer, os recursos que imos empregar, como nos imos coordinar, como somos quen de comunicar, como avaliamos nun espazo concreto e cun alumnado específico, sendo obxecto de avaliación para unhas posibles melloras de actuación. A finalidade básica desta programación é que os alumnos adquiren un dominio das competencias básicas e dos obxectivos establecidos para as distintas áreas, a través de actividades motivadoras, que encerren un reto, e que sexan á vez efectivas para a aprendizaxe.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo. O colexio ten liña 1, agás os cursos de 2º, 3º e 4º de Educación Primaria. Desenvolveremos a seguinte programación didáctica para 2º de educación primaria.

O claustro está formado por 19 mestres, repartidos da seguinte forma: - 4 mestras de Educación Infantil - 7 mestres de Educación Primaria - 2 especialistas de Lingua Inglesa - 1 especialista de Lingua francesa - 1 especialista de Educación Física - 1 especialista de Educación Musical - 1 especialista de PT - 1 especialista de AL - 1 orientadora - 3 mestras de relixión compartidas con outros colexios da zona

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. A aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

- Bloque 1: A lingua e os seus falantes
- Bloque 2: Comunicación oral
- Bloque 3: Comunicación escrita
- Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional
- Bloque 5: Educación literaria
- Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As vacacións de verán	Expresión oral: expresamos as nosas opinións. Comprensión lectora: comprende o título e identifica o sentido global dun texto Vocabulario: o verán Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: Uso das maiúsculas. Literatura: Características dos contos tradicionais	10	16	X		
2	Unha receta orixinal	Expresión oral: conversamos sobre os nosos gustos e preferencias alimentarias Comprensión lectora: identifica os ingredientes e comprende a elaboración dunha receita Vocabulario: alimentos típicos do outono Lectoescritura: a frase e a oración Literatura: os refráns e as adiviñas	12	16	X		
3	Que boa idea!	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre a decoración navideña Comprensión lectora: comprende o sentido global dun conto navideño e identifica os seus personaxes Vocabulario: elementos decorativos Lectoescritura: consolidación lectoescritura Gramática: O substantivo e as súas clases	12	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Que boa idea!	Literatura: as lendas e as súas características	12	16	X		
4	A que xogamos?	Expresión oral: consenuamos as normas de diversos xogos tradicionais Comprensión lectora: comprendemos as instrucción dos xogos Vocabulario: os xogos tradicionais Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: os artidos determinados e indeterminados Literatura: Características das fábulas. A moralexa	12	18		X	
5	Coñecendo tradicións	Expresión oral: conversamos sobre as tradicións na celebración do entroido Comprensión lectora: Vocabulario: diminutivos e aumentativos Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: A concordancia entre os artigos e substantivos Literatura: Características do teatro.	13	18		X	
6	Pepa, a bolboreta	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a nosa experiencia lectora Comprensión lectora: Vocabulario: os sinónimos e os antónimos Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: o adxectivo Literatura: A rima consoante e asoante.	13	18		X	
7	Coidamos o noso planeta	Expresión oral: debatimos sobre os beneficios da non contaminación Comprensión lectora: identificamos as ideas principais do texto informativo Vocabulario: as frases feitas Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: Os pronomes persoais Literatura: os textos informativos	14	18			X
8	Viñeta a viñeta	Expresión oral: participamos na invención de diálogos. Comprensión lectora: comprendemos o significado das viñetas dun cómic Vocabulario: As onomatopeias Lectoescritura: consolidación lectoescritura Gramática: O verbo. Presente, pasado e futuro Literatura: Os cómics	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As vacacións de verán	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave	TI	100
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Desfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal. - Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. - Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha receta orixinal	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a partir da observación da contorna.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das movas tecnoloxías para a procura da información .		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoa como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta adiviñas e pequenos refráns traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progesa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos

- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 (notas: mi e sol; figuras: negra, silencio de negra).		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que experimenta con diferentes instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para imitar sons de animais e elabora un listado con estes.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre pasos ou movementos de bailes e coreografías que imitan animais acuáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Saëns imita corporalmente o cisne ou animais mariños, respectivamente.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue movementos que imiten diferentes tipos de animais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O

Contidos

- silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	O inverno.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Dictado de 6 compases que conteña diferentes figuras rítmicas (negra, branca, e respectivos silencios).	PE	4
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre propostas artísticas musicais de diferentes xéneros e épocas mostrando curiosidade por estas.	TI	96
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Asocia os instrumentos musicais propostos á familia correspondente de cada un: corda, vento ou percusión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre os animais e instrumentos do Carnaval dos animais de C. Saint-Säens.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación dun pequeno conto con animais, empregando diferentes instrumentos e obxectos sonoros para a súa dramatización.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Asocia algunhas das manifestacións traballadas ao continente, país, zona ou rexión correspondente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre os movementos dos animais e instrumentos do Carnaval dos animais de C. Saint-Säens.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Reproduce xestual e corporalmente os animais interpretados nos pequenos contos creados polos outros grupos.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Vocabulario específico básico de música.

Contidos

- Recursos dixitais básicos para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
5	O triángulo máxico do entroido.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).	PE	20
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais de diferentes estilos elaborados con instrumentos electrónicos e dixitais. Descobre música sobre animais voadores.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que experimenta con diferentes instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para imitar sons de animais e elabora un listado con estes.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Contidos
<p>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</p> <p>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</p>

UD	Título da UD	Duración
6	Rexurdimento musical.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Dictado de 6 compases que conteña diferentes figuras rítmicas (negra, branca, e respectivos silencios).	PE	10
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre propostas artísticas musicais de diferentes xéneros e épocas mostrando curiosidade por estas.	TI	90
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre danzas dende a Idade Media até a actualidade. Descubre pasos ou movementos de bailes e coreografías que imitan animais terrestres.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de graffas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
7	Os maios e as letras galegas.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre fragmentos e obras representativas da historia da música clásica: dende a Idade Media até a actualidade.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Asocia os instrumentos musicais propostos á familia correspondente de cada un: corda, vento ou percusión.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas e musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación dun pequeno conto con animais, empregando diferentes instrumentos e obxectos sonoros para a súa dramatización.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Asocia algunhas das manifestacións traballadas ao continente, país, zona ou rexión correspondente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
8	O verán e despedida.	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Dictado de 6 compases que conteña diferentes figuras rítmicas (negra, branca, e respectivos silencios).	PE	8
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre propostas artísticas musicais de diferentes xéneros e épocas mostrando curiosidade por estas.	TI	92
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación dun pequeno conto con animais, empregando diferentes instrumentos e obxectos sonoros para a súa dramatización.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Reproduce xestual e corporalmente os animais interpretados nos pequenos contos creados polos outros grupos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Os principios metodolóxicos nos que se sustenta a nosa ensinanza serán os seguintes:

- Aprendizaxe significativa: pártese dos coñecementos previos que posúe o alumnado para adquirir outros novos. Segundo a psicoloxía construtivista, a nova información conéctase cun concepto relevante presente na estrutura cognitiva, de xeito que as novas ideas e conceptos poden ser aprendidos significativamente polo alumno ou alumna. Neste sentido, teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e proporcionaranse actividades que esperten o seu interese.

- Enfoque globalizador: darase un enfoque globalizador da área, procurando interrelacionar os contidos duns bloques con outros. Tamén se proporán actividades que relacionen a música con outras áreas curriculares. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar na adquisición eficaz de máis dunha competencia ao mesmo tempo. É fundamental a coordinación co equipo docente.

- Ensinanza motivadora: a motivación farase partindo das súas experiencias e de situacións concretas que esperten o interese do alumnado e manteñan a súa atención. O aspecto lúdico será central á hora de realizar as distintas actividades, dando unha grande importancia á práctica e fomentando o interese por aprender.

- Ensinanza individualizadora-socializadora: teranse en conta as características cognitivas, psicomotrices e afectivo-sociais de cada alumno e alumna, favorecendo o desenvolvemento persoal sen esquecer que somos seres que vivimos en sociedade. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Aprendizaxe autónoma: darase importancia á adquisición de ferramentas de traballo que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma, posibilitando que o alumnado aprenda a aprender.

PEDAGOXÍAS MUSICAIS.

Tendo en conta os principios antes expostos, a metodoloxía que se formula na nosa área será eminentemente activa, baseada no principio de aprendizaxe significativa: comezar co que o alumnado xa sabe a través da práctica musical para facilitar a adquisición dos novos contidos: facer Música para comprender a Música. Isto quere dicir que primeiro está o aprender procedementos: o canto, a interpretación instrumental, a danza, a audición, para logo acceder á conceptualización. Así mesmo a aprendizaxe de actitudes xoga un papel decisivo para poder aprender novos conceptos e afondar nos procedementos.

Ao longo do s.XX foron varios os pedagogos que desenvolveron métodos específicos para a aprendizaxe musical. Na nosa práctica docente, empregaremos aqueles aspectos máis interesantes de cada un destes autores. O método Kodaly será de interese para traballar a comprensión da linguaxe musical a través da rítmica silábica. Do método Dalcroze tomaremos a interiorización do pulso e fórmulas rítmicas a través dos movementos corporais. O método Orff-Wuytack será a base da interpretación instrumental grupal. Partirase do folclore tradicional para traballar o canto e a danza. O método Willems fornece unha base para traballar a música desde un punto de vista sensorial. Potenciarase o desenvolvemento auditivo e rítmico a través da improvisación. O método Martenot será o fundamento sobre o que traballemos a relaxación corporal.

A nosa práctica docente non está pensada para formar profesionais, senón que se pretende, a través destes modelos e estratexias, alcanzar unha mellor comprensión do feito musical, ampliando a capacidade receptiva e creativa do alumnado, seguindo o principio educativo holístico básico de Carl Orff, mediante o cal todo o alumnado ten que facer todo.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgúnhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde:

- respiración consciente e exercicios de vocalización.
- representación corporal da música escoitada.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Cartafol con aneis
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol con aneis para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 ou 3 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe para rexistrar e diagnosticar os coñecementos previos, as capacidades e dificultades dos alumnos e alumnas, así como valorar as diferenzas que podan darse dentro do grupo. Esta avaliación realizarase mediante xogos musicais que mostren o dominio, as capacidades e coñecementos sobre aspectos concretos da materia de

música.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	14	11	11	11	12	15	15	100
Proba escrita	20	0	0	4	20	10	0	8	7
Táboa de indicadores	80	100	100	96	80	90	100	92	93

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 30% + UD 2 30% + UD 3 40%

-2º trim.: UD4 30% + UD 5 30% + UD 6 40%

-3º trim.: UD7 60% + UD8 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

